

FICHA DE LECTURA - RELATOS

DATOS DO ALUMNO/A:

APELIDOS: _____ NOME: _____

DATA: _____ AVALIACIÓN: _____ CURSO: _____

FICHA BIBLIOGRÁFICA:

AUTOR: _____

TÍTULO: _____

EDITORIAL: _____

ANO:

Nº de PÁXINAS:

RESEÑA DA OBRA

- TEMA DO TEXTO:** Débese responder en 2, 3 liñas a pregunta: Sobre que trata o conxunto de relatos relato? Teñen os relatos unha temática común? Pódense agrupar en distintas temáticas?
- ARGUMENTO:** Resume os relatos. Dependendo do nº de relatos debes resumilos nos seguintes números de liñas
De 1 a 4 relatos → 8 liñas por relato
De 1 a 6 relatos → 6 liñas por relato
De 1 a 8 relatos → 4 liñas por relatos
De 1 a 10 relatos → 3 liñas por relatos
De 1 a 15 relatos → 2 liñas por relato
Máis de 15 relatos → 1 liña por relato.

En caso de teren unha extensión moi diferente cada relato procura resumilos de maneira proporcional.

- ESTRUTURA:** Destaca algún aspecto estrutural de algún dos relatos? *saltos de tempo, tipo de narrador, narración en paralelo, narrador múltiple, inicio in media res, final aberto, a estrutura dos capítulos, etc.*
- O TEMPO:** Escolle 3, 4 relatos e sinala canto tempo dura a acción desde o principio ata o desenlace en cada un deles? En que datas (se é que hai referencias) e en que época teñen lugar as historias?
- O LUGAR:** En que lugar ou lugares transcorren os relatos? Descríbeos e explica que importancia teñen no desenvolvemento da acción.
- DESCRIPCIÓN FÍSICA E PSICOLÓXICA DALGÚNS PERSONAXES dos relatos que por algunha razón queiras destacar.** Como están caracterizados estes personaxes: como son fisicamente, que fan, que din, que pensan, que din outros personaxes deles, que nos conta o narrador deles... Pon exemplos extraídos do libro.

7. **IDEAS MÁIS IMPORTANTES DE CADA RELATO E VALORES QUE DESTACAN:** exemplos: a *solidariedade, a liberdade, o valor da familia, a amizade, a falta de sinceridade nas relacións persoais, o colonialismo cultural, a deshumanización da sociedade...* Ten en conta que poden presentarse varias temáticas nunha mesma novela.
8. **LINGUAXE DO LIBRO E ESTILO:** *estilo sinxelo, de frases curtas e pouca adxectivación, barroco, predomina a descrición sobre a narración, non hai apenas descricións, que tipo de diálogos son os predominantes (estilo directo, indirecto, estilo indirecto libre, monólogo interior, soliloquios...* Analízao e pon algún exemplo.
9. **VOCABULARIO:** Anota 10 palabras que non entendes e explica o seu significado poñendo un exemplo de uso.

10. OPINIÓN PERSOAL E XUSTIFICADA:

- a) Que che gustou e que non do libro? Por que?,
- b) Correspóndese o título co contido? Xustifica a túa resposta. Propón outro título.
- c) Que personaxe che resultou máis interesante? Por que?
- d) Paréceche cribles as historias ou hai situacións que che parecen incoherentes? Non respondas cun *si* ou un *non*, xustifica a resposta.
- e) Que relato destacarías de todos? Xustifica a resposta
- f) Non entendín ?
- g) Como che gustaría que acabase a historia de polo menos 2 relatos? Propón finais alternativos.
- h) Gustaríame recordar as frases ...
- i) Recomendaría/non recomendaría este libro por

Para elaborar a ficha tes que responder necesariamente as cuestións 1, 2 e 10 (a 10 completa) e ademais tes que escoller outras 2 máis.

PUNTUACIÓN DO LIBRO

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|